

NA ESCOLA

Núm. 68

Atlántico

Xoves, 8 de novembro do 1990

Tres mulleres normalistas

A historia da Normal de Pontevedra é a historia de tres mulleres: Ernestina Otero, Josefa Rosón e María Padrón. Xunto a outras e outros de menor relevo, elas constituían a verdadeira "trinidad" clausal do Maxisterio para homes e mulleres. Eran elas as que levaban a dirección real e, sobre de todo, fáctica daquela Escola. Tres mulleres ben diferentes polo seu carácter e estilo pedagógico... Delas falábase sempre coidando especialmente poñer o artigo diante... A Rosón e a Padrón eran demasiado serias e inquisitorias. Dura e rigorosa a Rosón, dunha acentuadísima relixiosidade e excesivo formalismo. Elegante e sensible a Padrón, anque dunha certa opacidade pedagógica. Había entreámbalas dúas unha guerra segreda e unha paz concertada. Da Rosón recibíamos un coñecemento meticoloso das terras de España e da Padrón, espléndidas lecturas dos clásicos da literatura. Pedagogía e Historia da Educación eran as disciplinas da Otero. Outra pedagogía e un concepto diferente da educación. A clase e a estirpe pedagógica da Otero aparece corroborada no redescubrimento que dela fixen recentemente ao traveso dos seus arquivos familiares: correspondencia con Luis de Zulueta, audaces iniciativas republicanas, apuntes interesantísimos sobre un novo concepto de escola rural, desterrados... E un discreto e fondo sentimento relixioso, nunca exhibido con ostentación. Unha relixiosidade de que hoxe teríamos que situar na órbita da teoloxía da liberación. ¡E as súas notas de clase! Releéndoas agora, trinta e tantos anos dempois, atopo alí claros sinais dos homes da Institución Libre de Enseñanza. Aromas de Giner, Cosío e Castillejo. Interpretacións comúns. Como un vello latexo humanista. Algo que na súa voz doce e suave, adquiría o ton dunha experiencia e unhas ilustracións brutalmente apoucadas polo drama da guerra.

HERMINIO BARREIRO



E. Otero, de estudante.



Ernestina Otero y C. Ramón coas alumnas de Ourense nunha excursión á Toxa.

Centenario da profesora Dona Ernestina Otero

□ Deu clases das Escolas Normales de Ourense e Pontevedra

Correspóndeame a mí introducir e organizar dentro destas páginas unha serie de colaboracións que, dende diversos puntos de Galicia, tratan de rescatar da clandestinidade unha das biografías femeninas más salientables da nosa educación contemporánea. O centenario do seu nacemento, acaecido o 23 de outubro pasado, é unha disculpa para dar unha maior difusión ó seu perfil humano e profesional, que xa fora situado co artigo de Herminio Barreiro sobre "Tres mulleres normalistas".

Este artigo foi presentado no recente coloquio sobre "Mujer y Educación en España (1868-1975)", do cal reproduçemos algúns párrafos en columna a parte. Tampoco se pode reducir á celebración do centenario, ó estudio que prepara o seu neto, Manolo Puga. O centenario cecais fose o móvil para que Anxo Porto Ucha, Carmen Pereira e eu mesmo collamos con certo entusiasmo a tarefa de aportar novos datos que, por falla de una producción bibliográfica extensa, atopanxe nas fontes más insospetadas como os seus apuntes de clase, a testemuña dos compañeiros e compañeras, a lembranza dos seus alumnos. Especial interés gardan os dez anos longos de deserto en Ourense, de impotencia diante dun réxime de antipedagogía que tiña secuestradas as grandes esperanzas postas por tódolos educadores libres na Segunda República.

Ernestina Elena Otero Sestelo nació en Redondela no 23 de outubro de 1890, un mes que sería propenso ás revolucións. Ela querendo facer honra ó mes en que naceu, caracterízase dende nova por ser unha muller emancipada, protagonista do seu propio destino. Cando leo a súa traxectoria estudiantil, lémbrone de cando escribín "Antoniá Ortiz, primeira muller inspectora". En ámbalas duas nota un interés especial por desempeñar papeis nos que tiveran a exclusiva os homes. Son toda unha provocación ó ensino de cominómico, anclado en estruturas medievais. Primeiro fanse mestras superiores, das que xa cobraban 13 pesos ó mes e caase que podían pagar a pensión.

Loitan contra esa situación de indignidade do maxisterio, militando no asociacionismo incipiente. Mais eso non abundaba; dan o salto de ingresar na Escuela de Estudios Superiores del Magisterio, na sección de Ciencias cando o "normal" sería ingresar na de Letras ou Labores. Codéanse, pois, cos Luzuaga, Barnés, ou o noso Vicente Risco. Alí recibiron un forte pouso científico e tamén humanístico, da man de Ortega e Gasset ou de Luis de Zulueta. Tremendo contraste entre a "educación de señoritas" (herencia dos tempos de dominio da nobleza cortesana), que recibían as mozas distinguidas das vilas e cidades galegas e a formación universitaria elexida polas ilustres pedagogas.

Non era habitual o ensino en galego, mesmo nos círculos más concientizados (o propio Risco ensinaba en castelán), polo que é moi probable que dona Ernestina estivise de acordo coa "norma", neste punto.

Solpréndenos, no obstante, como unha das mulleres firmante do Manifesto dos intelectuais galegos en favor do Estatuto de Autonomía, xunto coa María Pérez, en febreiro de 1933. En amplios sectores do maxisterio ainda se argumentaba que a Autonomía podía supoñer a volta ós tristes tempos de dependencia dos Concellos. Este medo non afectaba ás mentes vanguardistas.

Para as autoridades da República, dona Ernestina era a persoa más idónea de cara á posita en marcha dunha reforma educativa en profundidade. Por elo, lle confiaron as dúas institucións más importantes: a Escola de Maxisterio (directora nos últimos meses do primeiro bieño), e o Condello Provincial de Primeiro Ensino (presidenta de 1933 a 1935). Algo semellante pasou en Orense, poñendo a dona Concha Ramón e a Manuel Maceda, respectivamente, nestes cargos.

X.M. CID

DEMOCRATIZAR A súa presencia no Consello Provincial

No Consello Provincial, mentres Manuel Maceda era blanco das críticas más duras por parte do maxisterio progresista, dona Ernestina conquerió levar adiante os seguintes propósitos: fomento da asistencia á escola, impulso das construcciones escolares, ampliación da educación de adultos, apoio e alento ós consellos municipais, cooperación coas xuntas municipais na utilización dos campos agrícolas experimentais, dos talleres artesanais e industriais relacionados co desenvolvemento do país, fomento do estudo e investigación das características históricas, xeográficas e culturais de Galicia.

En síntese, pódese decir que levou ó máximo exponente a pedagogía recibida da I.L.E. e da Escola de Estudios Superiores do Maxisterio, non decepcionou os seus amigos galeguistas e respondeu á confianza depositada nela pola República.

Represión e desterro

O cerco posto polo réxime franquista á familia de dona Ernestina Otero supón un exemplo máis de que a represión foi tan inxusta como salvaxe. O seu irmán Pedro, alcalde republicano de Redondela, morreu en novembro do trinta e seis. O seu home, Luis Pereira, foi perseguido e torturado até a súa morte en xuño de 1937. O seu irmán Gustavo e o seu cuñado Xosé Pereira, condeados a pena de morte, logo conmutada por cadea perpetua. As súas irmáns Lola e Esperanza tamén sufrieron diversas sancións.

Ernestina Otero, ó igual que tantos outros ensinantes, non pôdo principiar con normalidade o curso académico 1936-37. Quedou suspendida de emprego e soldo a 10 de novembro de 1936, por manterse nas súas teses democráticas e progresistas. A situación semellaba pouco dada para manter posturas de resistencia: físicamente diminuta, coa familia rota, constantes ataques á casa e á botica familiar por negáranse a asistir ás "manifestacións patrióticas".

Impartindo clases particulares conquire sacar adiante o que quedaba da súa casa, pagar as continuas multas, axudar ás familias dos presos coñecidos e mesmo dos presos de San Simón e doutras cades. Na súa casa chega a constituirse un "roupeiro" para facilitar vestimenta ós propios presos.

O seu futuro como formadora de formadores dependía da arbitrariedade das Comisións de Depuración: o 12 de xuño de 1937 decidén separala definitivamente do ensino e dala de baixa no escalafón. Nunha revisión en decembro de 1939, decidén reponela no cargo, con traslado forzoso e inhabilitación para cargos directivos.

A Normal de Ourense vese así beneficiada por esta medida, podendo contar durante más de 10 anos co Maxisterio dunha das profesionais más integrais da súa historia. Atrás quedaba nunha cuneta o corpo sen vida de quen fora profesor de Ciencias nos anos da República, Jacinto Santiago; atrás quedaban as amenas clases de Pedagogía de Don Emilio Amor; atrás quedaba o nacionalismo de Don Vicente, se ben poderían falar del cando ningún escotase; en fin, xa pasara o destino a Lugo de Dona Antonia Ortiz e as sancións impostas a Manuel Maceda e Concepción Ramón, con quenes podía empezar unha amizade tamén clandestina. Todo o que valese a pena tería que manterse clandestino, agardando os tempos que só os más fortes chegaron a coñecer. Dona Ernestina morreu en 1956, sen apenas percibir a suavización do franquismo, mais algo lle transmitía os seus alumnos, dun xeito empático e informal, que lles levaba a intuir modelos de educación diferentes. En paz descanse dona Ernestina.



Obxetivos e metodoloxía

Tratouse de facer un ensino distinto

Para a experiencia fixáronse obxetivos do tipo de facilita-la interrelación entre alumnos e profesores nun marco diferente ó convencional, crear lazos de amistade entre eles, tentar facer un ensino distinto ó maxistral ó saca-la aprendizaxe fora da aula. Deixar por uns días o ensino estático por un dinámico e vivo, onde a participación do alumno sexa decisiva no proceso, incentiva-la sensibilidade de cara a un medio ecolóxico moi deteriorado pola acción do home, facer fincapé na problemática da árbore nos temas da protección das formacións arbóreas diante de problemas como os incendios, a deforestación, a desertización etc.

O que se perseguía era en definitiva o achegamento ó entorno más inmediato, tendo-a este como a base da aprendizaxe, o fomento do traballo en grupo en equipas e o em-

prego de tódolos materiais posibles por moi diversos que estes foran (xornais, fotografías, diapositivas, diaparamas, vídeo, fotocopias, libros, revistas, poemas, ordenadores, árbores, herbarios, etc.).

En canto a metodoloxía elexiuse o enfoque globalizador ou interdisciplinar, de cara a procura dun ensino activo anovador onde se traballe con cuestións, interrogantes, pescudas e hipótesis, un ensino experimental basado en "aprender aprendendo", onde o alumno adeprende por si mesmo, onde éste fai investigación directa, explora, xoga e experimenta. E a pedagogía do descubrimento, na cal dá-selle mais importancia á calidade das aprendizaxes que á cantidade, e faise fincapé no proceso de procura e resolución dos problemas propostos, que ten máis valor que a consecución do seu resultado obxetivo.

Un grupo de profesores/as elucubramos sobre unha vinculación das actividades docentes á realidade natural galega e da proxección desta iniciativa á nosa práctica pedagóxica. Así naceu esta experiencia sobre a árbore. O debater sobre o tema xurdiron as ideas de integra-la escola no entorno, dada a actual falla de iniciativas existentes neste senso no terreo escolar.

Conseguimos fundamental a experiencia dos rapace/as no entorno ambiental, pois a maioria das actividades docentes están normalmente limitadas ós lindes da aula e fechadas nela como si fora unha gaiola ou unha burbuxa aíllada do resto do mundo. Pensamos que un pouco de aire, un chisco de innovación, era convinte para decatarnos e facer decatar ós alumnos do desarranco ambiental na amplia temática da árbore. A árbore ofrecía a avantage de poder facer dela un tratamento monográfico extenso e con moitos puntos de contacto coa realidade cotián, a dos xornais, a dos medios de comunicación e a das nosas propias vidas e vivencias. Compría logo pensar e matinar sobre esta idea, analizar nas xuntanzas de profesores de diferentes enfoques educativos e de distintas disciplinas. De ahí nacería toda unha serie de material e recursos didácticos sobre a temática, que nos permitiría desenvolverla experiencia.

As nosas inquedanzas xurdían da urxencia dunha laboura compartida entre docentes de ensinanzas medias de cara a planificar, executar, intercambiar e elaborar ideas, materiais didácticos, etc. Seguimos para elo os criterios interdisciplinares, tal e como requiere a esencia da educación en xeral, e da educación ambiental en particular. Deste xeito marcámonos como obxectivo encetar a crea-

ción dun lugar de intercambio de iniciativas e experiencias pedagógicas de cara a estudiar a problemática da árbore nun senso amplio, deseñar un proxecto formativo traballando os aspectos teóricos e de métodos, elaborar materiais pedagógicos e facer, en definitiva, unha educación activa, que favorecería o desenvolvemento de aptitudes e actitudes, que permitirían coñecer la realidade circundante con espíritu crítico e participativo. Coa experiencia creouse un fondo documental e bibliográfico en base a publicacións, traballos, ideas, métodos, obxectivos e material gráfico sobre o tema.

¿Qué pretendímos con esta experiencia? Queríamos informar, concienciar, sensibilizar, e fomentar a cultura da árbore e sobre todo educar cara a problemática ambiental centrada na árbore. Veíamos que os nosos alumnos tiñan necesidade de adquirir coñecementos para poder comprender nos seus aspectos más básicos o medio, para conquistar la maior sensibilización diante dos problemas ambientais que os impulsaran como futuros ciudadáns, a unha participación activa de xa e futura na sua protección. Perseguímos ensinar a coñecer e valora-las árbores autóctonas, estuda-los derradeiros reductos das melloras e antergas fragas, preservar e protexer os enclaves más importantes ecolóxicamente falando, e facer, por qué non tamén, unha laboura con-

creta de repoboación con especies nobles autóctonas, nun lugar preto dos nosos centros de ensino. Todo elo porque coidábamos que as árbores significan calidade de vida, porque fallan zonas de espacios verdes, porque hai poucas árbores nas vilas e urbes, porque están a desaparecer os bosques e elo é unha perda irreparable. Durante o curso pasado, levamos adiante unha experiencia globalizadora interdisciplinar e intercentros, que tivo como tema central ou "idea eixe" de traballo a árbore. Realizámos profesores e alumnos dos tres centros de ensino medio de Vilagarcía de Arousa, o I.B. Carril, o I.B. Calvo Sotelo e o Instituto de Formación Profesional. Colaboraron uns mil alumnos con distintas intensidades e arredor de 50 profesores. O tema foi trabajado preferindo a investigación frente ó dogmatismo, a vivencia experimental frente a erudición, a creatividade frente a reproducción e deuselle moita importancia e trascendencia ó aproveitamento dos recursos personais a nivel mental e manual e á innovación.

A idea eixe de "A Árbore" foi tomada como tema central arredor do cal desenvolvéreronse unha mancha de ricas e variadas actividades. A experiencia centrouse na elaboración dunha exposición e a preparación e celebración dunha "festa da árbore".

M. CHOUZA E R. CID
(do Instituto de Vilagarcía)

Experiencia sobre a árbore

A exposición sobre a árbore

Elaboráronse 150 paneis

Elaboráronse 150 paneis. Estes foron de tamaño cartolina, para poder manexalos mellor. A elaboración de cada panel fixose nas respectivas clases. Así, os profesores que participaban na experiencia, traballaron nas clases cos alumnos elaborando aspectos da árbore que tiñan relación coa asignatura impartida. Asenadase tamén se traballou fora da aula, para ser quenes de pór a punto a exposición.

As asignaturas que interviven na elaboración da exposición foron as seguintes: Informática, Ciencias Naturais, Xeografía e Historia, Lingua e Literatura Española, Lingua e Literatura Galega, Inglés, Francés, Latín, Grego, Física e Química, Matemáticas, Debuxo, Relixión, e Etica. A idea era que os profesores das diferentes asignaturas traballaran a exposición para achegarse ó tema da árbore, dándolle ó alumno unha visión globalizadora.

Algunos dos paneis confeccionados levaban por títulos os seguintes: Descubre as árbores e as súas partes. Reconocemento dunha árbore pola sua copa. Zonas verdes das ciudades europeas. Zonas verdes das ciudades galegas, Bosques da Arousa. Árbores do Salnés. Galicia e as árbores. Ecoloxía das fragas. Relacións vexetación-solo. Árbores e polen. Aproveitamento da árbore viva. Relación clima-vexetación. Enfermidades das árbores. Os insectos e os carballos.

Árbores en extinción. O acibro a única especie protexida. Lexislación sobre o medio natural. Erosión e vexetación. Erosión e incendios. Uso medicinal. A illa de Cortegada e as árbores. As árbores e o inglés. As árbores e a lingua. Nomenclatura e etimoloxías. Poemas á árbore. Os nosos montes. Incendios. Antropoloxía: o culto ás árbores. Árbores prodíxio. Árbores célebres. Refranero. Arquitectura e árbores. Árbores e relixión. Ética e ecoloxía. Xogos con árbores. Árbores e libros. Árbores e xornais, etc.

Fíxose un gran esforzo por elaborar e confeccionar unha exposición dinámica, basada nun xeito de ensino activo do tipo da pedagogía do descubrimento. A exposición non era algo fechado e rematado, senón que estaba aberta ó alumno para que éste a traballara, non somente que a mirara ou admirara. Para elo, cada panel levaba información en forma de texto, debuxos, táboas, esquemas, etc. e logo unha serie de preguntas que motivaban a traballa-lo panel, pescudando, buscando e espigando datos e informacións para acada-las posibles respuestas. Como dato ilustrativo pódese aportar o da confección de aproximadamente 600 preguntas, o que lle daba a exposición un enfoque anovador e dinámico. Esta exposición percorreu os tres centros de estudio e a Casa da Cultura de Vilagarcía.

Preparación e realización da festa da árbore

A preparación e realización da fermeira "Festa da árbore", consistiu en primeiro lugar, en motivar os rapaces mediante a proxección de diapositivas nas clases, visionado de vídeos sobre do tema, lectura de poemas, textos, artigos de xornais, etc.


Superada esta fase, pasamos a da "Festa" propiamente dita.

Para elo elexiuse un día onde alumnos dos tres centros escolares citados, en número de arrededor de mil, plantaron árbores nun monte comunal cercano a localidade, fixose unha comida campestre e actividades festivas con xogos variados.

Foi unha xornada lúdica extenuante con actividades físicas, para cavar os ocos das árbores, paseos polo monte, disfrute de vistas paisaxísticas sobre a ría de Arousa, xogos, convivencia entre os rapaces dos tres centros e entre o profesorado, que normalmente non ten oportunidade destas postas en común sen presas nun ambiente lúdico.

200 castiñeiro

No día da "festa" plantáronse en total douscentos castiñeiro e arredor de cen carballeiros, non sendo posible plantar máis árbores, pola dificultade de conquistar máis exemplares no mercado ó non contar co apoio da Administración e ter que levar adiante toda a experiencia, tanto a exposición como a festa, con fondos úneca exclusivamente dos centros de ensino participantes na mesma.



"Quixemos converter a nosa cultura en arborófila".

As administracións non apoian esta actividade

□ Os centros de ensino están sempre en precario económico

Os centros de ensino están sempre en precario económico falando. Esta é unha realidade que condiciona claramente as actividades didácticas e extraescolares a realizar ao longo do curso académico. Ano tras ano hai falla de materiais bibliográficos e documentais nos centros, pois non hai por supuesto bibliotecas de aula, e a do centro soe ser moi incompleta, polo que compre traballar cos materiais aportados polo profesor.

Unha conclusión a destacar foi a falla de apoio das administracións, apesar de ter sido esta solicitada. A dispersión de competencias administrativas a nivel de Xunta nas súas consellerías (Educación e Agricultura), a Deputación Provincial, Concello etc., supoñen un gran freo no desenvolvemento axeitado de actividades como esta ó marear ó profesorado nun mundo de burocracias e papeleos que non solventa as necesidades pedagógicas reais.

Esta experiencia buscaba, e conseguiu ó menos en parte, recoñecer eclarar conceptos co obxecto de fomentar as aptitudes necesarias para comprender e apreciar as interrelacións entre o alumno como home, a sua cultura e o seu medio bífísico, crear en fin nos discípulos unha sensibilidá ecolóxi-

ca, fuxindo dunha sensibilidá falsa de cara á natureza. O escoitar os profesores veñamos como algo urgente sulinxar dentro dos programas educativos o que fai referencia á árbore e ós bosques, por ser tan importantes a nivel ecolóxico, económico e social, e por ser un grave problema ambiental de Galicia o tema dos incendios forestais. A nosa cultura é arborófoba e nós quixémola converter, ó menos perante o tristemente de traballo, en arborófila.

Efectivamente o home medio galego amosa un desarraigamento e unha minusvaloración ou peor ainda, desvalorización da árbore. Eto é mais grave si cavilamos no feito de que carecemos dunha tradición forestal e a nosa terra foi de sempre un país deforestado, por ter feito históricamente máis fincapé na

vocación agrícola e gandeira que na silvícola. Así esqueceronse as inmensas posibilidades e potencialidades da árbore. Por elo as fragas autóctonas, as antergas carballeiras, quedaron relegadas ós lugares improductivos en zonas de montaña ou lugares de fortes pendentes, inservibles para a actividade productiva agrícola-gandeira. Mesmo a nivel antropolóxico, carecemos de todo o folclore, as lendas, os personaxes ficticios misteriosos e dos contos, que enriquecen as culturas nórdicas claramente forestalistas. As fragas e os bosques tiveron de sempre un papel marginal na economía galega, por mor de múltiples causas, algunas delas inmediatas como a nefasta política forestal de repoboacións, os problemas da propiedade dos montes, etc.

Desfeita paisaxística e ecológica do país

Só acudindo ó exposto anteriormente podémonos explicar dalgún xeito a desfeita paisaxística e ecológica do país galego no tema arbóreo, léase incendios forestais devoradores de centos de miles de hectáreas, deforestación atroz, erosión fortísima, talas feroces e toda unha longa ristrá de teima arboricida que está a converter a esta terra en algo brutalmente humanizado, no peor sentido da palabra, terriblemente degradado, artificializado, transformado e fatalmente destrozado, e que pode acabar con unha das riquezas más importantes do nosso país.

Educación

Esperemos e confiemos en que unha educación dos novos cidadáns galegos na sensibilidá e o amor pola natureza e, en especial, pola árbore faga de Galicia un lugar para ser vivido e disfrutado en toda a súa beleza, por todos os que vivimos nel o por todos os que nos visiten.


Lenda da experiencia didáctica

- 1.- Acacia
- 2.- Pradario de América
- 3.- Pradario
- 4.- Castiñeiro das Indias
- 5.- Castiñeiro
- 6.- Brachichiton
- 7.- Cedro do Himalaia
- 8.- Cedro
- 9.- Alcipreste
- 10.- Alcipreste común
- 11.- Loureiro
- 12.- Magnolia
- 13.- Magolia
- 14.- Moreira
- 15.- Palmeira
- 16.- Plátano
- 17.- Choupo branco
- 18.- Chupo
- 19.- Choupo
- 20.- Abeto de Douglas
- 21.- Carballo americano
- 22.- Falsa acacia
- 23.- Acacia do Japón
- 24.- Tilleira
- 25.- Tilleira
- 26.- Tilleira
- 27.- Tilleira
- 28.- Palmeira
- 29.- Olmeiro
- 30.- Palmeira

Experiencia de "Gaia"

Saiu rúa o número once da Revista Galega de Educación con certas anovacións nas súas páxinas, pero na que as experiencias seguen a constituir un pilar indiscutible da revista. O grupo "Gaia" de Educación Ambiental de Ourense da conta dunha nova experiencia realizada con bachilleres no Xardín do Posío da cidade das Burgas.

Despós de facer unha pequena historia e descripción do xardín, pasan a relatar as pautas de traballo empregadas; previamente os docentes estructuran o material de apoio co que van contar os alumnos e alumnas: guías de actividades, fichas de observación, plano do xardín, clave de determinación das especies, así como láminas e material bibliográfico de consulta. O traballo dos estudiantes constará de dúas partes: unha a desenrolar na clase e outra xa no propio lugar de estudio. Cos datos irán confeccionando a ficha, localizando a árbore no croquis, buscando outros exemplares da mesma especie, familiarizándose coas claves de identificación e anotando as relacións observadas entre a árbore e outros seres vivos.



NOVAS

Creación de Facultades

O Consello da Xunta ven de aprobar tres novas Facultades para Galicia, unha nova en Santiago de Compostela, Periodismo, e dúas na Universidade de Vigo, transformando o que quedaba dos colexios universitarios de Vigo e Ourense. Non obstante, para que esta transformación sexa real e definitiva precisa dun novo empurro, que leve a poner titulacións terminais de Educación en Ourense, e de Biología, Química e Filoloxías en Vigo.

O galego e a Universidade

Enchenos de ledicia coñecer a iniciativa da Mesa de Normalización Lingüística de entrevistarse cos rectores das tres Universidades galegas para ver de normalizar o uso do noso idioma. Nos estatutos xa reza: "O galego é lingua oficial desta Universidade..." Hai moito que andar. Nos documentos oficiais xa se emprega o galego con certa normalidade, pero ás veces trátase de traducións forzadas de última hora, despois de que os autores dos textos pensan, actúasen e traballan en español para chegar á redacción definitiva.

Asociacións estudiantís

Na Facultade de Humanidades hai tres asociacións estudiantís, unha por cada sección (Historia, Pedagogía e Psicoloxía), que traballan arreio por crear un clima cultural propio dunha cidade que aspira a incrementar a súa dotación universitaria.

Dereitos humanos

A Cruz Vermella de Ourense prepara unha exposición sobre "Dereitos Humanos e Apartheid", para o vindeiro 16 de novembro, nos locais do Colexio Universitario. O propio día 16, ás 20 horas, programan unha inauguración a cargo de Maruja Torres e un experto mozambiqueño Thim-pamga Mata la neste tema, ainda sen confirmar.

 LIBROS

"Memoria teórica de un maestro A.T.E.O."

Para os lectores ourensáns xa non é nova a presentación do libro de Armando Fernández Mazas. Como noticia local foi dado a coñecer nos meses finais do curso pasado cando se publicou e se presentou na Galería Sargadelos. Cumpre agora facer unha nova lectura pedagógica para os seguidores do suplemento Na Escola, anque sexa brevemente.

Na primeira parte, recolle as súas colaboracións na elaboración do discurso sociopedagógico da A.T.E.O., tremenda crítico coa situación de abandono escolar e coas estruturas sociais que causaban ese deterioro. Fai tamén unha lembranza dos compañeiros asasinados; aparecen referencias a Eligio Núñez, Amadeo López Bello, Rafael Alonso, Antonio Caneda, Eduardo Villor, Manuel Gómez del Valle, Félix Salgado del Moral, Jacinto Santiago e Roberto Blanco Torres. Como toda relación feita utilizando básicamente o recorde, ha de quedar aberta a aportacións posteriores,


que a complementen con biografías como a que recollemos hoxe neste suplemento.

Segunda parte

Na segunda parte, escomenza cunha autobiografía posterior ó 18 de xullo de 1936. De seguido relata tres experiencias didácticas levadas a cabo nas escolas de Vilariño (Pereiro de Aguiar) e Pombeiro (Lugo). Complétase esta parte con más de cen follas relativas a experiencias políticas da República e do franquismo, así como á análise da situación mundial actual e os anos da democracia española. Asistimos a un período de cambios rápidos que poden deixar inmediatamente inservible calquera crónica que tenda a dar unha visión global; o que non queda anticuado é o enfoque, extraído da tradición do marxismo dialéctico. Nesta teoría quedou ben ás claras que os feitos educativos son ineludiblemente fenómenos políticos e ideológicos, incidindo

ARMANDO FERNÁNDEZ MAZAS**POLÍTICA Y PEDAGOGIA**

(MEMORIA TEÓRICA DE UN MAESTRO DE LA A.T.E.O.)



ediciones ANDORINA, Ourense



Portada do libro de Fernández Mazas.

como tales na dinámica social de cada colectividade no devir da historia. Quedou tamén clarificado todo o referente ó currículum oculto do sistema educativo.

Por elo, don Armando é fiel ó método que deprende fai 60 anos e aplícao maxistralmente a cada faceta nova que presenta a realidade.

Concebi-la pedagogía

Cando o tempo pasa e as cousas cambian, vese máis claramente a diferencia entre esta e as outras maneiras de concebi-la Pedagogía. Hoxe encaixaría entre os pedagogos más vanguardistas. Cincoenta anos atrás considerábase unha perversa.

Mesmo en épocas consideradas de progreso o liberalismo e a outra cultura era causa de homes.

Por sorte, persoas coma ela, como Ernestina Otero, son semellante para outras xeneracións de xentes e nelas temos un exemplo permanente que nos orienta.

Aquí dende o meu facer, cada día sinto a satisfacción de que fora a miña mestra de pedagogía; da súa paciencia e bo facer aprendín máis que dos libros.

Cando un amigo me pediu que escribira unhas cuartillas sobre a miña experiencia como alumna de dona Ernestina Otero, pesei que podía abrir á lembranza as memorias adormecidas doutros compañeiros para que sintan a agarrosa presencia da súa persoa e o bo facer como pedagoga. Con elo atopareime satisfeita.



E. Otero en Ourense (1940).

tución Libre de Enseñanza. ¡Qué difícil era levar isto por dentro, nun lugar onde era bo todo o que impunha o sistema nacional-católico, sen cabida para nada avovador e onde a coeducación se consideraba pecadental ó igual ca outras recomendacións da nova pedagogía; os rezos eran a base, seguidos da intransigencia: non se permitía entrar en manga curta, nin con escotes, nin sin medias, nin en saia curta ou axustada. Non permitían a entrada de homes, nin sequera pais e hirmáns; era o templo da nonz.

Doña Ernestina examinaba polo miúdo, moi de vagar e cuando os nervios ou o "non saber" empezaban a aflorar, axudaba a calma-los ánimos ou orientaba cómo prepara-lo texto millor, deixando constancia sempre da importancia da pedagogía no feito educativo; do saber ensinar e "conduci-los nenos" con medios cativos nun entorno difícil como era o rural galego.

SOLEDAD G. BESTEIRO

Ernestina moito debeu sofrir nalgún medio no que non encaixaba. Notábase o desdén a que a sometían e o illada que estaba.

Naquel intre sospeitaba que algo ocorría e non certaba o que era. Co tempo decateime o difícil que resultaba aquelo a unha mestra defensora da coeducación, admiradora da Insti-

... E PREGUNTOU-LLE O PARVULÍÑO Ó MESTRE...

... QUE ONDE PODÍA IR MEXAR...

... E O MESTRE RESPONDEU-LLE:

... Pois... ó SERVICIO...

... E DI O NENO: POIS ALÍ NON VOU, QUE ME MANDAN O' GOLFO...

X. M. CID + ANDRADE

CARABULLINO

NA ESCOLA

Consello de Redacción:

Xosé Manuel Cid (coordinador).

Mercedes Suárez Pazos; Antonio Fernández Pereira; Mercedes González Sanmamed; David Cortón; Cecilia Bello Rodríguez; Manolo Bragado; Xesús R. Jares e Xoán M. Andrade.

Colabora: Nova Escola Galega.

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas específicamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Reconecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

-Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Modernización
e Innovación Tecnolóxica



GOBIERNO
DE ESPAÑA
MINISTERIO
DE INDUSTRIA, TURISMO
Y COMERCIO



UNIÓN EUROPEA

Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional

plan
avanza,,